

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de setembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

15464 *REAL DECRETO 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de universidades, centros e títulos. («BOE» 232, do 25-9-2008.)*

A disposición adicional vixésima da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, establece que no Ministerio de Educación e Ciencia existirá o Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT), cuxo réxime, organización e funcionamento será regulado polo Goberno. A citada disposición adicional establece tamén que o dito rexistro terá carácter público e que nel se inscribirán, ademais das universidades e centros, os títulos oficiais con validez en todo o territorio nacional. Así mesmo, poderán inscribirse, para os efectos informativos, outros títulos que expidan as universidades.

Posteriormente, o Real decreto 432/2008, do 12 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, atribúe ao Ministerio de Ciencia e Innovación a proposta e execución da política do Goberno en materia de universidades, polo que a anterior referencia ao Ministerio de Educación e Ciencia se debe entender agora feita ao Ministerio de Ciencia e Innovación, no que deberá residir o mencionado rexistro.

Así, o RUCT, que terá carácter público e de rexistro administrativo, concíbese como un instrumento que recollerá a información actualizada relativa ao sistema universitario español, para o cal se inscribirán nel os datos relevantes relativos a universidades, centros e títulos.

A nova concepción no deseño dos títulos universitarios que se recolle no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, baséase nun proceso de verificación do plan de estudos que culmina coa inscrición no RUCT do título oficial, como requisito necesario para a determinación do seu carácter oficial. Deste modo, a inscrición no RUCT dos títulos oficiais terá carácter constitutivo. Esta inscrición terá como efecto a consideración inicial de título acreditado. Ademais, todos os procesos relativos á renovación da acreditación dos títulos, así como á modificación e extinción dos plans de estudos conducentes a títulos oficiais deberán ser anotados no RUCT.

O acceso aos ditos datos por parte dos interesados realizarase a través dos oportunos soportes informáticos na forma que estableza o Ministerio de Ciencia e Innovación, que, en todo caso, se articularán sobre as bases da accesibilidade, o tratamento técnico dos datos e a actualización permanente do seu contido. Ademais terase en conta, para tales efectos, a normativa vixente sobre acceso á información por parte das persoas con discapacidade.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Ciencia e Innovación, coa aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de setembro de 2008,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais referentes ao Rexistro de universidades, centros e títulos

Artigo 1. *Rexistro de universidades, centros e títulos.*

1. No Ministerio de Ciencia e Innovación constitúese o Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT), que terá carácter público e de rexistro administrativo, para todos os efectos previstos na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa disposición adicional vixésima, en redacción introducida pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de modificación da Lei orgánica de universidades.

2. Inscribiranse no RUCT as universidades e os centros universitarios. Así mesmo, deberanse inscribir os títulos universitarios de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, establecidos de acordo co previsto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Tamén se poderán inscribir, por pedimento da universidade expedidora, outros títulos de carácter non oficial, para efectos informativos.

3. No RUCT incluírase a información actualizada relativa ao sistema universitario español, para o cal se inscribirán nel os datos relevantes relativos a universidades, centros e títulos.

4. O RUCT está constituído polo conxunto das inscricións dos elementos referidos neste artigo e polas demais dilixencias que deban practicarse, de conformidade co previsto no real decreto anteriormente citado.

Artigo 2. *Estrutura do RUCT.*

1. O RUCT estará constituído por tres seccións:

- a) Universidades.
- b) Centros.
- c) Títulos.

2. Dentro da sección de títulos existirán, pola súa vez, cinco subseccións:

- a) Títulos correspondentes a ensinanzas de grao.
- b) Títulos correspondentes a ensinanzas oficiais de máster.
- c) Títulos correspondentes a ensinanzas de doutoramento.
- d) Títulos declarados equivalentes aos correspondentes ás anteriores subseccións a) e b).
- e) Títulos correspondentes a ensinanzas non oficiais.

3. O RUCT seguirá o sistema de asentos rexistrais, correspondendo a cada inscrición un asento no que constarán os datos previstos neste real decreto para cada universidade, centro e título.

Artigo 3. *Efectos da inscrición no RUCT.*

1. A inscrición no RUCT terá efectos informativos respecto da situación xurídica das universidades e centros, así como dos títulos.

2. No caso dos títulos oficiais, terá ademais efectos constitutivos respecto da creación de títulos universitarios oficiais e suporá a consideración inicial de título acreditado para os efectos do establecido no artigo 26 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Artigo 4. *Funcións do RUCT.*

As funcións do RUCT son as seguintes:

- a) Inscrición e anotación dos datos rexistrais correspondentes a universidades, centros e títulos universitarios.
- b) Emisión de certificacións sobre os datos rexistrados.
- c) Coordinación e colaboración cos rexistros que puidesen existir sobre os mesmos ou análogos datos aos rexistrados.
- d) Información dos datos rexistrados mediante o establecemento dos oportunos mecanismos de acceso.
- e) Mantemento do arquivo documental en soporte informático no cal se depositarán os documentos que servisen para realizar as inscricións.

Artigo 5. *Soporte do RUCT.*

1. En aplicación do disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, o RUCT xestionará os seus procedementos por medios electrónicos, implantando sobre os sistemas que conteñan a citada información as medidas de seguranza previstas na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, o Ministerio de Ciencia e Innovación ditará as oportunas instrucións sobre procedemento informático e de verificación documental, con suxeición aos requisitos e garantías establecidos no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado, no relativo aos criterios de seguranza, normalización e conservación a que se refire aquel.

3. Os órganos competentes para dar traslado de datos rexistrais ao RUCT poderano realizar en soporte informático, de conformidade co establecido no artigo 7 do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro.

4. Cando nos datos existentes no RUCT se detecten irregularidades ou derive o incumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto, o Ministerio de Ciencia e Innovación adoptará as medidas oportunas para promover, de acordo co disposto nas leis, a anulación, cando proceda, das correspondentes inscricións e levar a cabo as accións legais que resulten pertinentes.

Artigo 6. *Xestión do RUCT.*

A xestión do RUCT e a realización de todos os actos que deriven do contido deste real decreto corresponde á Dirección Xeral de Universidades.

Artigo 7. *Consulta do RUCT.*

1. A consulta ao RUCT será pública e realizarase mediante a posta á disposición dos interesados dos soportes informáticos na forma que estableza o Ministerio de Ciencia e Innovación.

2. Os soportes informáticos a que se refire o número 1 anterior deberán ter en conta o establecido no Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e

medios de comunicación social, aprobado polo Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro.

3. En calquera caso, a consulta prevista no punto anterior producirase no marco do previsto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO II

Sección de universidades

Artigo 8. *Inscrición de universidades.*

Na sección de universidades realizaranse as inscricións relativas ás universidades, correspondendo a cada unha delas un asento rexistral no cal se anotarán os datos que se recollen no artigo seguinte.

Artigo 9. *Contido dos asentos rexistrais relativos a universidades.*

1. A inscrición na sección de universidades debe conter os seguintes datos:

- a) Clave rexistral: para os efectos da súa identificación, o responsable da xestión do rexistro, a que se refire o artigo 6 deste real decreto, outorgará unha clave rexistral a cada unha das universidades.
- b) Denominación completa.
- c) Domicilio.
- d) Data e instrumento de creación ou recoñecemento.
- e) A súa titularidade pública, privada ou da Igrexa.
- f) Administración educativa responsable.
- g) Natureza do centro.

Artigo 10. *Comunicación de datos rexistrais relativos a universidades.*

1. Os datos rexistrais referidos ás universidades, así como calquera modificación que sufran estes, serán trasladados ao RUCT polo reitor da universidade, agás os relativos á súa creación ou recoñecemento, ou á súa supresión ou revogación, ou modificación do acto orixinario constitutivo por parte da Administración educativa responsable, cuxo traslado corresponderá, de ser o caso, ao órgano competente da dita Administración educativa, así como calquera acto de natureza equivalente que corresponda adoptar a esta.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo anterior, corresponde ao Ministerio de Ciencia e Innovación dar traslado ao RUCT dos datos rexistrais referentes ás universidades a que se refire o punto 1.b) do artigo 4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como calquera modificación que sufran estes.

3. O RUCT dará traslado ao órgano competente das comunidades autónomas dos asentos que se inscriban, referidos ás universidades pertencentes ao seu respectivo ámbito competencial.

CAPÍTULO III

Sección de centros

Artigo 11. *Inscrición de centros.*

Na sección de centros realizaranse as inscricións relativas aos centros universitarios, correspondendo a cada un deles un asento rexistral en que se anotarán os datos que se recollen no artigo seguinte.

Artigo 12. Contido dos asentos rexistrais relativos a centros.

1. A inscrición na sección de centros debe conter os seguintes datos:

- a) Clave rexistral: para os efectos da súa identificación, outorgarase unha clave rexistral a cada un dos centros.
- b) Denominación.
- c) Universidade a que se vincula.
- d) Natureza da vinculación.
- e) Domicilio.
- f) Data e instrumento de creación.
- g) A súa natureza de escola, facultade, departamento, instituto universitario de investigación ou doutro centro ou estrutura integrado ou adscrito a unha universidade.
- h) No caso dos institutos universitarios de investigación as entidades que o constitúen.

Artigo 13. Comunicación de datos rexistrais relativos a centros.

1. Os datos rexistrais referidos aos centros, así como calquera modificación que sufran estes, serán trasladados ao RUCT polo reitor da universidade, agás os relativos á súa creación ou recoñecemento, ou á súa supresión ou revogación, ou modificación do acto orixinario constitutivo por parte da Administración educativa responsable, cuxo traslado corresponderá, se é o caso, ao órgano competente da dita Administración educativa, así como calquera acto de natureza equivalente que corresponda adoptar a esta.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo anterior, corresponde ao Ministerio de Ciencia e Innovación dar traslado ao RUCT dos datos rexistrais referentes ás universidades a que se refire o punto 1.b) do artigo 4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como de calquera modificación que sufran estes.

3. O RUCT dará traslado ao órgano competente das comunidades autónomas dos asentos que se inscriban, referidos ás universidades pertencentes ao seu respectivo ámbito competencial.

CAPÍTULO IV

Sección de títulos

Artigo 14. Inscrición de títulos.

Na sección de títulos realizaranse as inscricións na subsección respectiva, correspondendo a cada título un asento rexistral en que se anotarán os datos que se recollen no artigo seguinte.

Artigo 15. Contido dos asentos rexistrais relativos a títulos oficiais.

1. A inscrición na sección de títulos debe conter con carácter fundamental os seguintes datos:

- a) Clave rexistral: para os efectos da súa identificación, outorgarase unha clave rexistral a cada un dos títulos.
- b) Denominación do título, para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro. No caso dos títulos correspondentes a ensinanzas de grao indícarase a rama de coñecemento a que están adscritos.
- c) Universidade ou centro que expide o título.
- d) Acordo do Consello de Ministros polo que se establece o carácter oficial do título con indicación da data de publicación no «Boletín Oficial del Estado».

e) No caso dos títulos a que se refire o artigo 2.2.d) deste real decreto, norma pola que se declara a correspondente equivalencia.

2. A inscrición na sección de títulos debe conter con carácter complementario os seguintes datos:

- a) Centro ou centros en que se imparten as ensinanzas.
- b) Tipo das ensinanzas conducentes ao título (presencial, semipresencial, non presencial).
- c) Número de prazas reservadas a alumnos de novo ingreso.
- d) Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo e, de ser o caso, as normas de permanencia nas ensinanzas.
- e) No caso de títulos de grao, o sistema de recoñecemento e transferencia de créditos con outras ensinanzas da mesma natureza.
- f) Competencias xerais e específicas que os estudantes deban adquirir para a obtención do título.
- g) A información que hai que incluír no suplemento europeo ao título de acordo co artigo 4 do Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto.

h) A estrutura das ensinanzas conducentes ao título, recolléndose neste punto a denominación e descrición dos módulos ou materias que integran o plan de estudos nos termos previstos no número 5.3 do anexo I do Real decreto 1393/2007, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, o seu contido en créditos europeos (ECTS) e a súa natureza obrigatoria ou optativa.

i) De ser o caso, as condicións ou probas de acceso especiais.

j) Os procedementos, incluído o sistema de recoñecemento e acumulación de créditos europeos, para a organización da mobilidade dos estudantes propios e de acollida.

k) O cronograma de implantación do título e os procedementos de adaptación dos estudantes procedentes de ensinanzas anteriores ao novo plan de estudos.

3. No caso de títulos conxuntos, a inscrición en cada un dos dous puntos anteriores realizarase atendendo a esta condición.

4. O órgano competente para a xestión do RUCT diferenciará, a través do correspondente medio informático, o acceso aos datos rexistrais referentes a títulos segundo se trate dos correspondentes ao número 1 ou ao número 2 deste artigo.

Artigo 16. Comunicación de datos rexistrais relativos a títulos oficiais.

1. Unha vez publicado no «Boletín Oficial del Estado» o acordo a que se refire o artigo 26.1 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, o responsable do RUCT procederá á inscrición a que se refire o artigo anterior.

2. As universidades, tras obter a autorización da comunidade autónoma e a verificación por parte do Consello de Universidades nos termos previstos no artigo 28 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, darán traslado ao RUCT da modificación dos datos rexistrais relativos aos seus títulos.

Artigo 17. Inscrición de títulos non oficiais.

1. O Ministerio de Ciencia e Innovación, logo de informe do Consello de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria, adecuará as condicións e criterios para acceder ao rexistro destes títulos.

2. As universidades poderán solicitar a inscrición, para os efectos informativos, dos títulos de carácter non oficial que impartan.

3. O contido dos asentos rexistrais relativos a estes títulos rexerese, no que resulte aplicable, polo previsto

neste real decreto para o suposto dos títulos universitarios de carácter oficial.

Artigo 18. *Responsabilidade sobre os datos rexistrados.*

A responsabilidade da información contida nos datos rexistrados no RUCT corresponde á universidade, á Administración educativa ou ao órgano competente en cada caso para dar traslado de tales datos rexistrados ao RUCT, agás naqueles en que sexa imputable ao propio rexistro.

Disposición adicional primeira. *Rexistro nacional de universidades, centros e ensinanzas.*

A información rexistrada no Rexistro nacional de universidades centros e ensinanzas, creado polo Real decreto 1282/2002, do 5 de decembro, será incorporada ao RUCT cando entre en vigor este real decreto.

Disposición adicional segunda. *Outros asentos rexistrados.*

O Ministerio de Ciencia e Innovación poderá establecer, logo de informe do Consello de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria, as condicións e criterios en que se poderán inscribir outros asentos rexistrados distintos dos recollidos nesta norma, nas seccións a que se refire o artigo 2.1 deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Recursos humanos e materiais.*

As disposicións contidas neste real decreto non suporán incremento do gasto público, e a xestión do citado rexistro deberá ser asumida cos recursos humanos e

materiais de que dispón o Ministerio de Ciencia e Innovación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación do Real decreto 1282/2002.*

Queda derogado o Real Decreto 1282/2002, do 5 de decembro, polo que se regula o Rexistro nacional de universidades, centros e ensinanzas.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Ciencia e Innovación para ditar, na esfera das súas atribucións, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española e en uso do mandato conferido ao Goberno pola disposición adicional vixésima da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de setembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Ciencia e Innovación,
CRISTINA GARMENDIA MENDIZÁBAL